

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 4, 43-54

Naquel tempo, saíu Xesús de Samaría para Galilea (pois el mesmo afirmara que ningún profeta é honrado na súa patria).

Entón, cando chegou á Galilea, fórono esperar os galileos, pois, como tamén eles foran á festa, viran todo canto el fixera en Xerusalén ese día. Volveu así de novo a Caná de Galilea, onde trocara a auga en viño.

Había en Cafarnaúm un funcionario que tiña o fillo enfermo. Oíndo que Xesús viña da Xudea cara á Galilea, foino esperar, e rogáballe que baixase a curar o seu fillo, que estaba á morte.

Díxolle entón Xesús:

– «Se non vedes sinais e prodixios, non credes.»

O funcionario insistiu:

– «Señor, baixa antes de que morra o meu meniño.»

Xesús contestoulle:

– «Vaite, o teu fillo vive.»

O home creu na palabra que lle dixera Xesús e foise. E, cando xa el baixaba, saíronlle ó encontro os seus servos, para lle dicir que o neno xa se puxera ben. Entón preguntoulles a que hora empezara a notar a melloría.

Eles respondéronlle:

– «Onte, a iso da unha baixoulle a febre.»

Decatouse entón o pai de que aquela fora a hora na que lle dixera Xesús «o teu fillo vive», e creu el e mais toda a súa familia.

Este segundo signo fíxoo Xesús cando volvía da Xudea para a Galilea.